



**OG - LaredoCrew]**

Original OG – DiosqueteKrew+Boyanka Kostova

**[Retrouso]**

1. Son un OG...
2. Orixinal Galego...
3. Son un OG...
4. Orixinal Galego...

**[Estrofa 1: XXXXX]**

5. Son máis galego que o **Chapelismo**
6. Atrévome a dicir que ata máis que o **Bragadismo**
7. Non te achegues por aquí se non queres ver **Laredismo**
8. Porque son un OG, dos que inventan **Galeguismos**
9. “OGismo”, este tema é o manifesto
10. Un emblema pra que poida seguir o resto
11. Un sistema educativo, crema
12. Pra que untes nesa autoestima tan **galega**

**[Estrofa 2: XXXXX]**

13. Son máis galego que **MariKa e MariaPTé**
14. Que ir a casa un domingo e saír cos **Abuelés**
15. Máis galego que as **Mouras do Monte Penidé**
16. Que o fondo azul cas gaivotas das **Ciés**
17. OG como un patrón con boina e con bastón
18. Que a túa avoa con gorro pesqueiro e mandilón
19. Andando como **Maca e Monse** con paso vacilón
20. Se ves falando castelán , os OG´s din, “así non”

**[Estrofa 3: XXXXXX]**

21. Chegan os OGs, denominación de orixe
22. Como a fariña do país, chegan os **Laredo Dream-Team**
23. Coma patróns, facendo lowrider en chimpíns
24. **Saudando** peregríns con chanclas e calcetíns
25. Orixinal galaicos, coma saltando nos **charcos**
26. Releando na **clase**, niso nunca fomos mancos...
27. Din que non se sabe se **subimos ou baixamos**
28. Perfecto, como nos gusta **facervos parvos**

**[Estrofa 4: XXXXXXXX]**

29. Son máis galego que a **Coca de Redondela**





**OG - LaredoCrew]**  
Orixinal OG – DiosqueteKrew+Boyanka Kostova

30. Ou que **un choco da ría** sobre un prato de madeira

31. Ou que unha ba-  
ñeira nunha leira de bebedoiro

32. Ou que ter morriña primeiro e logo xenreira...

33. Son tan galego que se subo, subo pa' arriba

34. Se non hai fallo baixo abaixo máis ancho que un rancho;

35. **Laredo OG** non ten despacho, temos sede...

36. Sede de facer a festa **do ANPA nalgún furancho**

**[Retrouso]**

37. OG...

38. Orixinal Galego...

39. Son OG...

40. Orixinal Galego...

**[Interludio:XXXXXX]**

41. Son un OG...

42. De Tui a Redondela pasando por Chapeliiiiiiiiiiiiii

43. De Clase a remo vou pensando no Caldo de Gloriiiii

44. Se nos xuntamos pasan cousas que non pasan porque son OG...

45. Un OG...

**[Estrofa 5: XXXXXX]**

46. Calidade no sangue e na carne como a tenreira

47. Os OGs están xa na aula treméndolle a perna

**48. Vella escola, Zali patrimonio de Arealonga**

**49. Nova escola, creNSE gangstas e son de Cardona**

50. Orixinal galego como os **guiris en Chapela**

51. Como ir limpar o patio ao teu terreo privado

52. Rimando con frases célebres e memorables

**53. Como o Eiffel e familia montando... Cablessssss**

**[Estrofa 6: XXXXXXXX]**

54. Máis galego que un somier exercendo de cancela...

55. OG, ti gasta as pelás no **Duran Troncosí;**

56. Máis galego que a diglosia, esa mesma

57. Pola que te mereces con creces que te pique **unha mangosta**

58. Máis que un ultramarinos-café-bar-

59. Ferretería-concesionario no mesmo pack

60. E máis, que o **Pugariño que a Maceira, Buxel e que o Fondón**





61. **Máis que Estela,  
Noelia, Ángeles, Neves  
e a Tizón...**

**OG - LaredoCrew]**  
Orixinal OG – DiosqueteKrew+Boyanka Kostova

**[Estrofa 7: Xabier “Can de Palleiro” Moubiña (Mou)]**

- 62. Máis galego que comer coas **mans Nécoras**
- 63. Máis que o mal de ollo, non me mires, mala **pécora**
- 64. Typical galician como o lacón con grelos
- 65. Colgados e afumados, **recheos coma botelos**
- 66. Vai por ghocevellos, ti oes visións...
- 67. Máximo expoñente como o bocadillo de rixóns
- 68. **OGs como o riquiña, rabuda, ou Trapalleiro**
- 69. **Pura sangue da filloa, son puro can de palleiro**

**[Estrofa 8: XXXXXXXX]**

- 70. Orixinal, sen data de caducidade
- 71. Dálle reprís, **Brétema**, lágalle bits sen piedade
- 72. Os OGs rimamos inda que ninguén escoite
- 73. Disque os vagalumes brillamos na noite...
- 74. Costumes; como facer dun **galpón un casoplón**
- 75. En ben menos do que tarda en cantar un galo
- 76. Só pura sorte? Estás equivocado
- 77. Se a brúxula sinala o Norte será por algo...

**[Retrouso]**

- 78. OG... (OG, OG, OG...)
- 79. Orixinal Galego... (OG, OG, OG...)
- 80. Son un OG... (OG, OG, OG...)
- 81. Orixinal Galego... (OG, OG, OG...)

**[Outro: XXXXXXXX]**

- 82. Ha! Dende a Rúa do Peirao, Laredo Dream Team
- 83. Estilo fino, CEIP de LAREDO, un sitio
- 84. apaixonante Gracias a todas, guapos e guapas... (OG, OG, OG...)

